

#### 4.MAIO.Solucións CCNN do 27 de ABRIL.

Algúns de vós xa compartíchedes parte das actividades de Ciencias. Estupendo! A ver se algún ou alguna máis tamén se anima.

Xa recibín algunha foto da receita campesiña levada á práctica...estaría boa? Iso espero, se non sempre se poden facer as variantes que se queiran.

Agora vouvos poñer as solucións desas dúas páxinas. Cando comprobemos as nosas respostas, lembre que non se corríxen "porque si", iso non serviría máis que para perder tempo e enerxías...Xa sabedes como volo explico no cole: **Primeiro hai que pensar** ( por que a miña resposta está mal? ,estas solucións que me dan...enténdoa?, estou dacordo con elas? ) , **despois e antes de corrixir na libreta** (ou nalgún caso se se fixo de forma práctica e oral, razónase oralmente) **razono e comprobo onde estaba a miña confusión. Finalmente, procedo a corrixir.** ( E se aínda así non comprendedes, buscade a miña axuda polo correo) En breve volverei tamén a poñerme en contacto directo con todos e todas.

##### Ficha 1 de competencias

1. a) Substancias inorgánicas: bolsas de plástico e o sal. / Substancias orgánicas: xamón cocido, leite, verdura conxelada, aceite e viño.  
b) O leite, o aceite e o viño. En mililitros (mL) ou litros (L).  
c) Sistema duodecimal, xa que se contan por ducias.  
d) 113 gramos. / Unha balanza.  
e) Para evitar que os alimentos conxelados se desconxelen. / Non, está fabricado con materiais illantes da temperatura para conservar o máximo de tempo posible as baixas temperaturas da verdura conxelada.

##### Ficha 2 de competencias

2. a) Todos os ingredientes son sólidos menos a auga e o aceite que son líquidos.  
b) Cambios físicos: 1 e 4; cambios químicos: 2 e 3.  
c) A auga. Vaporización, que é o paso de líquido a gas.  
d) Mestura heteroxénea. / Mestura homoxénea.  
e) O *soluto* é o sal e a crema o *disolvente* (tecnicamente, a parte sólida da crema e o sal son os solutos e a auga o disolvente).

**Sobre as actividades de CCSS...** \_agardo algo máis para darlle tempo a todo o mundo para acabalas. De todas formas, vin poucos" homes e mulleres do tempo".

Tamén faltan os vosos inventos para medir os factores meteorolóxicos dende a vosa casa...tarefa para os que a precisen: tedes unha chea de propostas

Instrumentos meteorolóxicos ( moito máis sinxelo) [https://youtu.be/8gll\\_aUzwn8](https://youtu.be/8gll_aUzwn8)

Para ler e ver máis información...<https://www.geniolandia.com/13142758/que-mide-la-direccion-del-viento-para-ninos>

Medir a velocidade do vento...como construír un anemómetro e observar... <https://youtu.be/fllWpzi6xLU>

Idea para construír unha veleta e observar a dirección do vento... <https://youtu.be/nTFb8Z7-hjk>

Turbina...con coidado, axuda e supervisión... <https://youtu.be/NE6DKwU2df4>

La fuerza del viento... <https://youtu.be/GFmI6R1Apg8>

***E as vosas ideas e adaptacións que sempre serán mellores. ANIMO EQUIPOT!!!***

**ESTA TARDE SUBIREI Á WEB O PDF COAS INDICACIÓNS MÁIS CONCRETAS PARA A EDICIÓN DE *SOFÁN NEWS E RADIO SOFÁN*** ( logo da reunión do claustro, así que será á tardiña).